

A REVISTA

do Otero Pedrayo

NÚMERO 3 - XANEIRO DO 2002 - 0'50 €




Escher
páx. 14



Actualidade musical, deportes, zodíaco,
cancioneiro, números reais, pasatempos
e moito máis ...

Sumario no revés da revista



¡Ola compañeiros e compañeiras!

Estamos de novo aquí, aínda que fóra de tempo, porque xa rematou o primeiro trimestre, data na que estaba previsto que saíra a nosa revista. Non foi así. E non temos xustificacións, pero aínda así debo, por necesidade, lembrar algúns acontecementos que marcaron as últimas datas do 2001, do primeiro trimestre, e que dalgunha forma deixaron mosa en todos/as e cada un de nós. Mesmo o 11 de setembro, ¿quen non pensou que estaba a ver unha película de efectos especiais, cando en vivo e en directo a televisión ofrecía o derribamento das torres xemelgas?.

Unha vez máis a realidade supéranos, e por se fora pouco no noso país sae á luz a “L.O.U.”, ¡vaia rebumbio!. Esto, a xuízo dos maiores que nós, foi tamén un feito histórico e dín que, por primeira vez, profesores, alumnos, e pais, estivemos de acordo e fixemos folgas por doquier. Para moitos de nós, era a primeira vez que nos xuntabamos cos universitarios para facer forza e protestar por unha lei que nos vai a afectar a todos (ós que estamos en contra dela, ¡que non somos poucos!).

Deixando este tema o primeiro que debo facer, xa que a revista saíu tarde, é felicitaros o novo ano, e o seguinte, e, sen ánimo de ofender, darvos un consello:

“Xuntémonos todos, traballemos xuntos, aportemos ideas, expresémonos na nosa revista, que o fin e o cabo é o único, aparte das instalacións, que compartimos toda a *peña do Otero*”.

Non quero rematar a presentación deste nº 3 da revista de alumnos sen agradecer unha vez máis á Dirección do centro o seu apoio á nosa publicación e á CaixaGalicia e ó Concello de Ourense (Delegación de Cultura, a través da ANPA do Otero) pola súa aportación económica. Gracias.

Deica outra

Pili Gómez, 3º A

CALENDARIO UNICEF DA SOLIDARIEDADE PARA O ANO 2002

Marzo 2002

- 8. Día Internacional para os Dereitos da Muller e a Paz
- 21. Día Internacional da Eliminación da Discriminación Racial
- 22. Día Mundial da Auga
- 23. Día Meteorolóxico Mundial

Abril 2002

- 7. Día Mundial da Saúde
- 23. Día Mundial do Libro e os Dereitos de autor

Maio 2002

- 3. Día Mundial da Liberdade de Prensa
- 15. Día Internacional das Familias
- 17. Día Mundial das Telecomunicacións
- 22. Día Internacional da Diversidade Biolóxica
- 31. Día Mundial sen Tabaco

Xuño 2002

- 4. Día Mundial dos Nenos Çinocentes Víctimas de Agresión
- 5. Día Mundial do Medio Ambiente
- 17. Día Mundial da Loita contra a Desertización e a Seca
- 20. Día Mundial do Refuxiado
- 26. Día Internacional da Loita contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas

Xullo 2002

- 7. Día Internacional das Cooperativas
- 11. Día Mundial da Poboación

Agosto 2002

- 9. Día Internacional das Poboacións Indíxenas
- 12. Día Internacional da Mocidade
- 23. Día Internacional para o Recordo do Comercio Escravos e a súa Abolición

Setembro 2002

- ☺ (Día da Apertura da Asamblea Xeral) Día Internacional da Paz
- 8. Día Internacional da Alfabetización
- 16. Día Internacional da Preservación da Capa de Ozono

EL CÓDIGO DEL UNIVERSITARIO

01. El universitario siempre tiene la razón, pero nunca se la dan.
02. El universitario no copia, contrasta resultados.
03. El universitario no saca chuletas, recuerda el tema.
04. El universitario no duerme en clase, reflexiona.
05. El universitario no hace novillos, su presencia es requerida en el bar.
06. El universitario no habla en clase, intercambia impresiones.
07. El universitario no mastica chicle, fortalece sus encías.
08. El universitario no come pipas, estudia botánica.
09. El universitario no lee revistas en clase, se informa.
10. El universitario no insulta al profesor, le saca defectos.
11. El universitario no pinta en las mesas, practica expresión artística.
12. El universitario no llega nunca a clase, los demás se adelantan.
13. El universitario no se cansa en gimnasia, guarda fuerzas.
14. El universitario no se retrasa, le retienen.
15. El universitario no se distrae, examina los fluorescentes.
16. El universitario no tira tizas, estudia la ley de la gravedad.
17. El universitario no suspende, le suspenden.
18. El universitario no tira papeles al suelo, se le caen.
19. El universitario no corre por los pasillos, hace pruebas de velocidad.
20. El universitario no escupe, descongestiona las fosas nasales.
21. El universitario no pasa del profesor, el profesor pasa del universitario.
22. El universitario, si ve a alguien que descansa, le ayuda.
23. El universitario cuando tiene ganas de trabajar se sienta y espera a que se le pase.
24. El universitario no destroza el aula, le da un toque modernista.

O día no que chorou a capital do mundo

Ogallá todo isto fose un soño. Ou un pesadelo, porque nin nos peores dos meus soños morre tanta xente inocente. Ogallá as torres estivesen en pé. Ogallá non tivese que escribir esto. Ogallá a xente pensase dúas veces antes de ferir, e non seguisen a filosofía de mato, logo existo. Ogallá a xente xuntase as súas maos e orasen xuntos cara Deus, que é bo e xusto e deunos a terra para disfrutala. Ogallá Colón non fose tan listo...

Se as torres seguisen en pé a xente nin se decatara da barbaridade americana, esa bandeira de barras e estrelas que ondea sobre o campo inimigo proclamando pola forza a súa lei, a de eu son EE.UU. e tí non tes forza para desfacerme de mín. Porque Bin Ladden non é ningún asasino (se o comparamos coa longa lista de xente inocente que teñen matado os americanos), senón un revolucionario (dunha maneira que non podemos aceptar, pero a única que entenden os EE.UU.). Osama é a representación de todas esas persoas que viven dependendo dos americanos, que morren por inxeccións e cadeiras, persoas iguais que as que ordean o seu asasinato. Por suposto temos sempre dous culpables; un é Osama, que matou moita xente inocente, pero outro é sen dúbida outro asasino, creador de misiles cun diñeiro que cesaría a fame do mundo, un home verdadeiramente estúpido, pois ten no seu poder suficientes bombas como para destruír o mundo sen coñecer outro lugar habitable para tódalas criaturas da terra. Falo de Bush, é un home que goberna un pobo que non se ten de pé dende hai 500 anos, porque un home que cre na eficacia da pena de morte non pode gobernar nin o seu propio país interior, é increíble que cando Colón chegou alí, nós e o resto do mundo excepto os indios americanos (moitos máis evolucionados que agora) éramos os asasinados, ¡como cambiaron as tornas!. Agora é un país que se pon á altura dos asasinados convertíndose en asasinados que asasinan a asasinados. O sistema dun país que dirixe media economía do

mundo non pode por necesidade aceptar matar ó que mata. ¡Que exemplo de democracia!

Volvendo ó tema, Bush non é máis que o boneco dunha masa non-pensante (gran maioría) que esixe venganza. Gritémoslle todos os que respetamos a vida das persoas (espero que sexamos bastantes, senón pobre humanidade) á vez: ollo por ollo e o mundo acabará cego. - Gandhi-

Pero Bush antes que presidente dun país “demócrata” é americano, polo tanto quere vinganza. E vaina haber, ata que Bin Ladden apareza; entón os ataques pararán ou non, por iso a xente de Afganistán que non ten



culpa ningunha ten que comerse unha guerra que non elixiron. Bush xamais pensou en conversar, dialogar como persoas, senón que elixiu as armas para dialogar como dialogan o can e o gato; e como no dito o gato máis hábil que o can (tirou as torres) ten que fuxir para a súa guarida (terras afganas) para escapar do can tolo e cheo de furia (pobo americano –repito o da maioría-).

A esta forma de “dialogar” Bush chamouna Xustiza Infinita, xogando a ser Deus, porque El é o único ser que pode aplicar esa xustiza infinita; pero se nos fixamos ben, Bush o que

fixo de novo é porse á mesma altura do asasino, que neste caso é Bin Ladden, pois el tamén xogou a ser Deus matando a tantas persoas, porque Deus é o único ser que pode darlle a vida ás persoas e quitarlla. Bush e Bin Ladden non teñen as mans manchadas, pois eles non mataron a ninguén con elas pero son e foron os cerebros de ditas masacres, sen estas manchas de sangue o único que fixeron ambos foi defender os seus intereses, ser causantes da progresiva destrución do mundo, crear un CONFLICTO que agora pagamos todos con esa sangue que non teñen nas mans pero espero que si no corazón, porque entón si que serían auténticos monstros de ficción. A mesma sangue que ven derramar polos seus corpos os moribundos, a sangue que eu non vexo en mín pero que me doen as feridas... Pero eso si, a sangue derramada merecerá a pena porque os americanos gañarán a guerra, porque son eles os que teñen as bombas e a forza, gañarán este xogo de ricos que mata a pobres, pero ¿a que xogo están a gañar?. Moi sinxelo, gañan a un xogo onde eles mesmos poñen as regras a cada paso que dan, un xogo ó que xogan tódolos días en EE.UU. un xogo ó que ás persoas civilizadas non nos ensinaron a xogar. Un xogo que se aprende xogando, ou o que é o mesmo abusando coa forza e disfrutando con elo, matando, violando ós dereitos humanos, un xogo inxusto, un xogo

Morrerá xente e xente nas que agardo non vos atopedes queridos lectores, porque a guerra é en contra de todos, e todos inclúete a tí e a mín. Gracias por todo, PAZ, pero neste mundo non tes cabida.

Ogallá as bombas non existisen, ogallá non chorasen os nenos, ogallá o diñeiro que se gastan na guerra estivese ben empregado, ogallá todo fose un soño...

Iván Gómez García. 1º LOXSE

¿CÓMO NOS AFECTAN LAS DROGAS?

Desde siempre, el tema de la droga ha originado diferentes posturas ideológicas en la sociedad. Para unos, se debería legalizar su consumo, en cambio, para otros deberían ser totalmente prohibidas.

En favor de las personas que defienden su legalización, podríamos decir que al producirse su legalización, éstas perderían su atractivo como elemento diferenciador entre algunos grupos de jóvenes. Además, desaparecerían efectos significativos como la adulteración, corrupción... El poderío económico de los narcotraficantes disminuiría notablemente y sería factible el control de calidad de las drogas.

Sin embargo, en contra, podríamos destacar otros efectos bastante negativos, entre los que podríamos destacar: Un aumento del consumo, como sucede actualmente con el alcohol y el tabaco. El tráfico ilegal no tendría por que desaparecer, como no ha desaparecido el del tabaco y el alcohol. La penalización es la única forma de luchar contra el tráfico organizado.

En vez de juzgar a las personas que han entrado en el mundo de la drogadicción como si fuesen parásitos de la sociedad, tendríamos que tratar de ayudarlos y considerarlos como personas enfermas. Tendríamos que hacernos la pregunta de por qué se han visto inmersos en ese oscuro mundo; quizás no pudieron acceder a una información sobre las influencias negativas de las drogas en el organismo. Por ello, en este pequeño reportaje me gustaría informaros sobre algunos tipos de drogas que se pueden encontrar desgraciadamente en la calle.

OPIÁCEOS

-OPIO. Es el jugo de la planta "Papaver somniferum". En medicina se utiliza contra el dolor, la diarrea y la tos.


Se administra fumado, vía oral, inyectado o esnifado.

Crea una dependencia Física y psíquica.

Los efectos que causa son analgesia y desaparición de la ansiedad. A largo plazo puede producirse anorexia, impotencia sexual, infecciones de pulmón, hepatitis B y C y SIDA, estos 3 últimos casos de forma indirecta.

Su síndrome de abstinencia provoca hipertensión arterial, fiebre, diarrea, vómitos, temblor, escalofríos, lumbalgias y calambres. Precio: No se comercializa en farmacia.

-MORFINA. Es un opiáceo cuyo principio activo es la morfina. En medicina se utiliza contra el dolor, diarreas, tuberculosis y diversas enfermedades pulmonares.



Se administra fumado, vía oral, inyectado o esnifado.

Crea una dependencia física y psíquica.

Los efectos son los mismos que el opio.

Su síndrome de abstinencia provoca los mismos que el opio.

Precio: Diez ampollas de un miligramo cuestan 500 pesetas en farmacia, pero en el mercado negro alcanzan un valor mucho mayor.

-HEROÍNA. Creada en 1874 por la industria farmacéutica Bayer, con la intención de que tuviese las mismas ventajas que la morfina, pero sin crear adicción, pero se descubrió que era de 3 a 5 veces más potente que la Morfina. Actúa igual que el opio y la morfina.

Se administra fumada, vía oral, inyectada o esnifada.

Crea una dependencia física y psíquica.

Los efectos son los mismos que el opio y la morfina.

Su síndrome de abstinencia provoca los mismos que el opio y la morfina.

Precio: 1 gramo con una pureza del 25% cuesta sobre 15000pts.

ESTIMULANTES

-ANFETAMINAS. Sus principios activos son sucedáneos de la conífera "Ephedra vulgaris". En medicina se usan para el tratamiento de algunos trastornos psicológicos, narcolepsia (exceso de sueño grave), y depresión grave.

Se administra vía oral.

Crea una dependencia psíquica.

Sus efectos inmediatos son la excitación y desaparición de fatiga, y a largo plazo provocan irritabilidad, anorexia, amnesia, psicosis y encefalopatía.

Su síndrome de abstinencia provoca apatía,

crisis emocionales, depresión, cansancio e irritabilidad.

Precio: de 500 a 2000 pts.

-COCAÍNA. Se presenta en hojas, Bazuco (mezcla de hojas, gasolina, queroseno y ácido sulfúrico). Provoca un aumento de la liberación de dopamina, noradrenalina y serotonina. Empleo tradicional como anestésico local.

Se administra vía oral, fumada, esnifada o inyectada.

Crea una dependencia sólo psíquica.


Sus efectos son de Excitante. A largo plazo provoca psicosis, crisis de melancolía y trastornos cardiovasculares.

Su síndrome de abstinencia causa amnesia, depresión, melancolía y paranoia.

Precio: 1 gramo con una pureza del 44% cuesta 11000 pts.

CANNABINOIDES

-HACHÍS/MARIHUANA. En la planta del "cannabis" se encuentran más de 60 sustancias, pero el THC es el mayor



responsable de los efectos psicoactivos. La marihuana se utiliza como analgésico.

Se administra vía oral o fumada.

Crea una dependencia psíquica, la física no esta demostrada.

Sus efectos son de euforia, sueño y hambre, a largo plazo crea psicosis y desorganización afectivo emocional.

Su síndrome de abstinencia provoca trastornos de conducta.

Precio: sobre 600 pesetas el gramo.

ALUCINÓGENOS

-LSD. Su principio activo es una síntesis del ácido lisérgico, que fue aislado en 1938.

Se administra vía oral.

Crea una dependencia únicamente psíquica.

Sus efectos son una fuerte agitación, alucinaciones y perturbaciones de la visión. A largo plazo provocan alteración emocional y psicosis.

Su síndrome de abstinencia provoca pánico y conducta psicótica.

Su precio ronda entre las 1000 y 2000 pesetas por comprimido.

-MESCALINA. Su principio activo es el peyote (cactus mejicano).

Se administra vía oral.

Al igual que el LSD, crea una dependencia solamente psicológica.

Sus efectos causan alucinaciones y pérdida del sentido de la realidad, y a largo plazo crean alucinaciones persistentes.

Su síndrome de abstinencia son los mismos que los del LSD.

Precio: un comprimido cuesta entorno a las 2000-2500 pesetas.

DROGAS DE SÍNTESIS

-ÉXTASIS. Su principio activo es la MDMA (Metilenedioximetanfetamina) un derivado anfetamínico.

Fue creado en 1912 para quitar el apetito a las personas obesas, pero no llegó a comercializarse.

Se administra por vía oral.

Crea una dependencia psíquica.

Sus efectos principales son la euforia, emotividad y una mayor capacidad para la comunicación. A largo plazo produce insomnio, disminución de la capacidad de concentración, irritabilidad, anorexia, síndrome alucinatorio, paranoia, amnesia, psicosis y encefalopatía.

Su síndrome de abstinencia son la inquietud, calambres, apatía, somnolencia, crisis emocionales, depresión, cansancio e irritabilidad.

Precio: 1 comprimido puro 2000 pesetas.

-SPEED. Su principio activo es el sulfato de anfetamina. Puede usarse para quitar el apetito a gente obesa y como estimulante ante la fatiga.

Puede administrarse vía oral, inhalado o inyectado.

Crea una dependencia psíquica.

Sus efectos son la euforia, intensificación de las emociones. A largo plazo crea psicosis en individuos predispuestos y trastornos de movimiento, también provoca arritmia y muerte súbita.

Su síndrome de abstinencia crea crisis emocionales, depresión, cansancio e irritabilidad.

Precio: Un gramo cuesta entorno a las 4000 pesetas.

-GHB/BIBERÓN. Cumple la función de sedante del sistema nervioso. En medicina se utiliza como anestésico.

Su vía de administración puede ser oral, inhalado o inyectado.

Crea una dependencia psíquica.

Sus efectos en dosis pequeñas actúan a modo de tranquilizante, y en dosis altas produce alucinaciones, excitación psíquica y sexual. A largo plazo produce pérdida de apetito y disminución del rendimiento escolar en adolescentes.

Su síndrome de abstinencia provoca apatía, inquietud, ansiedad, crisis emocionales, depresión e irritabilidad.

Precio: 2 gramos cuestan 4000 pesetas.

INHALADORES/DISOLVENTES

-COLAS, GASOLINA... El uso de disolventes, anticongelantes, colas ... comenzó en la década de los 50. Provocan una depresión del sistema nervioso central. No se utilizan en medicina.


Su vía de administración es por inhalación.

Crea una dependencia psíquica.

Sus principales efectos son la euforia y las alucinaciones. A largo plazo crean complicaciones renales y hepáticas.

Su síndrome de abstinencia son la inquietud, irritabilidad y temblores.

Precio: Depende del producto; desde las 125 pesetas de un litro de gasolina, hasta las 500 pesetas de un bote de cola.



Daniel Fernández Arnáiz, 2º LOXSE.



Carta @s Alumn@s

Queridos compañeiros,

Con motivo dos incidentes ocorridos durante a semana do 5 ó 9 de novembro pasado, algunhas das representantes do alumnado do Consello Escolar queremos facervos chegar certa información da que estamos seguras aínda non estades ó tanto.

O tema en cuestión trata das folgas convocadas neste mes de novembro. Como xa sabedes, o día 31 de outubro convocóusevos a unha manifestación acompañada dunha folga xeral de estudantes. Esta foi convocada por nós con bastante rapidez dado que o instituto non fora informado deste asunto. A pesar de non ter feito os debidos trámites a tempo (convocación da Xunta de Delegados co seu respectivo levantamento de acta, levar dita petición ó Consello Escolar, ...) o Equipo Directivo permitiunos facela coa condición de que eso non volvera a ocorrer, e que en próximas convocatorias seguiríamos tódalas pautas legais.

Na folga na que algúns de vós os manifestastes o día 7 de novembro, nós non fomos informados co debido tempo e esta foi a causa de que non puideramos face-los trámites. Neste aspecto debemos pedirvos desculpas, pero quixeramos que souberades que non foi culpa nosa, senón da tardanza da información. Queremos facervos saber que esa folga, a pesar de ser convocada a nivel estatal, no noso instituto non estaba permitida (pola razón que vos expuxemos anteriormente: non nos deu tempo a face-la tramitación) e quen vos dixera o contrario ou ben estaba confundido ou ben estábavos enganando.

Por outra banda queremos demostrala decepción que sentimos coa actuación dalgúns de vós, pois en lugar de nos escoitar, vos dedicastes, xa dicimos algúns e só algúns de vós, a desprezicar o noso traballo: *“Nós presentámonos a este cargo co fin de defendelos vosos dereitos e co fin de intentar conseguir todo o mellor posible para vós, non para ser obxecto dos vosos insultos, ameazas e comportamentos infantís, e moito menos para ir en contra do alumnado, (como moitos de vós chegastes a pensar) que a fin de contas sería ir tamén na nosa propia contra”*.

Gracias por nos adicar este momento de lectura.
Atentamente...

*Antía Sobrino Bernaldo de Quirós
Beatriz López Cuervo
Isabel Quijada González.*

A REVISTA

nº 3 - xaneiro 2002

Colaboradores:

Ana Belén Álvarez Fernández

Bea Cuervo López

Víctor Domarco García

Daniel Fernández Arnáiz

Pili Gómez García

Iván Gómez García

Almudena Orjales Somoza

Isabel Quijada González

Eva Rodríguez González


Beatriz Sánchez Fernández

Antía Sobrino Bernaldo de Quirós

Xefa de redacción: **Pili Gómez**

Coordinador: **José Ramón Doval**

LIBROS



Título:
Nuevo diario del
joven maniático

Autores:
Aidan
Macfarlane y
Ann McPherson

Ilustraciones:
J. Astrop


Año:
1987-1996

Editorial:
Algar

Este libro nos cuenta la historia de Pete Payne, un chico de 14 años que descubre que es un hipocondríaco (aunque no sabe realmente lo que es) cuando descubre tener miedo a tener un infarto en una carrera. Nos habla de él, de su familia (compuesta por sus padres, por su hermana mayor, su hermana pequeña y la gata Sally), de su mejor amigo y de la chica que le gusta.

Hay también una versión en femenino ("*Nuevo diario de una joven maniática*") escrito por su hermana. Yo os recomiendo que os leáis los dos, así podréis reiros tanto de las manías de los chicos como de las chicas, y así comprobareis que no somos tan diferentes, ¿o sí?

Ya de paso, deciros que leer es muy divertido, simplemente tenéis que buscar libros que se adapten a vuestros intereses, y seguro que los encontráis ya que hay libros de todos los tipos.



Título:
Astérix y la
Traviata

Autor:
Albert Uderzo

Año:
2001

Editorial:
Salvat

Es el último libro de la colección del héroe más intrépido de toda la Galia. En él, los romanos contratan a una actriz (La Traviata) para que se disfrace de Falbalá y así conseguir la espada y el casco de un importante militar romano, que estaban en manos de Astérix y de Obélix. En este libro aparecen también sus padres (por primera vez, si exceptuamos "Cómo Obélix se cayó en la marmita del druida cuando era pequeño), y se nos cuenta una peculiar versión del primer premio que se le da a un actor (que recuerda a un Óscar).

Desde aquí quiero aprovechar para recomendaros que os leáis toda la colección, aunque no os guste mucho el cómic os aseguro que os pasareis un buen rato leyéndolo.


Antía Sobrino Bernaldo de Quirós.
20 LIXSE

NÚMEROS REAIS: 5

Penso que xa coñecedes esta sección e senón aquí a tedes para ler e aprender algunhas cousas sobre números, desexo que vos guste e que disfrutedes moito.



O cinco foi contado por primeira vez sen dúbida cos dedos. Era o número dunha louzá vida natural. Desde tempos moi antigos críase que os números tiñan un significado místico e eran considerados de especial importancia en menciña polos magos. Para que as plegarias fosen eficaces tiñan que repetilas un certo número de veces. O cinco (o penteclo) era o talismán poderoso para espantar os demos ou espíritos malignos. Tamén era o símbolo da xustiza e a lealtade.



Para os Pitagóricos -os números eran nos seus sistemas aritmetolóxicos non só a expresión das cantidades senón tamén a

"forma das esencias" - na chamada "táboa pitagórica" o cinco era o número dos principios sexuais.

No antigo mundo de Asiria sabemos que o cinco era especialmente venerado; análoga crencia a dos israelitas e ata entre os pobos americanos indíxenas precolombinos atópase como número ritual.

No Islam é un número notable. Hai cinco deberes relixiosos, cinco chaves do coñecemento segredo, cinco plerarias diarias, un xuramento que se repite cinco veces, e cinco son os pilares do islam: (1) profesa-la fe; (2) realiza-las cinco oracións diarias, (3) xexuar durante o mes do Ramadám; (4) paga-lo imposto destinado á esmola; (5) realizar alomenos unha vez na vida a peregrinación á Meca.

Se continuamos viaxando comprobaremos que na China é o número dunha manifesta ventura; en Marrocos a superstición do cinco é fundamental xunto co tres e co sete xa que interveñen en prácticas máxicas. E nunha tribu de aborixes do Paraguai que só ten números para designar do un ó cuatro, para o cinco utilizan unha man, para dez as dúas, para dicir quince mostran as dúas mans e un pé e para referirse ó número vinte mostran as dúas mans e os dous pés.




Pero se alguén atopou sorprendentes anécdotas sobre este número foi un tal Charles Piazzi Smith, astrónomo da Casa Real de Escocia

que estableceu unha curiosa relación entre a Gran Pirámide, o Monumento de Georges Washintong e o billete de 1 Dollar USA.


Smith comenzou por falarnos de que a base da Pirámide, dividida pola anchura de un dos bloques que a compuñan daba matemáticamente a cantidade de 365 - múltiplo de cinco- e tamén coincidente cos días do ano.

Mantiña Smith que o cinco era un número clave e que volteaba a relación da Gran Pirámide coa Biblia e o Home. E é que a Gran Pirámide ten cinco ángulos, cinco lados e o que se considera unha polgada piramidal é a quinta parte do famoso codo bíblico, nomeado nas escrituras sacras. Cinco



eran os libros de Moisés e se tomamos os Mandamentos dos que se nos falaba no Antigo Testamento, poderíamos dicir que dez son dúas veces cinco.

Pero a cousa non remata aquí, calquera que se dedique a recopilar os datos do monumento a Georges Washington na capital dos EEUU, poderá ver que o citado monumento mide 555 pés e 5 pulgadas, a súa base é de 55 pés cadrados e as súas fiestras están a 500 pés da base. Para máis coincidencias, o monumento ten forma de obelisco, é dicir presenta unha similitud con as antigas edificacións de Exipto.



Continúan aínda as misteriosas coincidencias co número cinco e Georges W. xa que o billete de 1 Dollar USA na súa parte frontal ten a súa fotografía, pero do revés está gravada unha pirámide, aínda que o máis curioso do tema é que o Secretario do Tesouro anunciou a saída do Billete de 1 Dollar USA o 15 de xuño de 1935. Aínda segue o enigma xa que se escribimos en inglés "O Secretario do Tesouro" é dicir "The Secretary of the Treasury" veremos que consta de cinco palabras e 25 letras, ou sexa que o múltiplo de cinco segue misteriosamente perpetuándose. Como vedes esto é interminable, non só nos temas anteriormente tratados senón tamén no mundo literario, onde atopamos títulos como "Cinco horas con Mario", as "Aventuras dos Cinco" que nada teñen que ver co "Grupo da Escola Musical Rusa" (grupo de cinco).

Existen sistemas dos cinco mares (vías cun promedio de 5 meses ó ano navegables), as cinco Dinastías Chinas (907-960), o Torneo das cinco nacións, a Compañía dos cinco gremios (Madrid 1763-1834), cinco eran os planetas na Antiguidade, informándonos podemos atopar incluso plantas como a Cincoenrama (a súa raíz ten propiedades curativas) ou o Cinconegritos (aromática moi común en América Central). Temos tamén expresións como "Estar sen cinco" ou "Non hai quinto malo".

Xa sabedes se vos falla algún dos cinco sentidos sempre quedará a intuición (¿será realmente o sexto?).

Se tedes algunha dúbida, algunha idea ou dato curioso sobre algún número non o dubidedes, publicarémolo no seguinte número. Como por exemplo a aportación dun alumno de 1ºLOXSE C: cinco eran os Lobiños que tiña a loba!!

Almudena Orjales Somoza, 1ºLOXSE C



1. Boom Boom

Autor da versión orixinal: Chayanne

Autoras da versión do insti: Eva Rodríguez e Isabel Quijada

- Boom, Boom
pon a mover tu cuerpo con el ...
Boom, Boom
pon a mover tu cuerpo
- Reserva tu enerxía
que estas clases están muy frías.
Que suene la campana,
que para estar aquí hay que ponerle ganas.
- Mezcla el calor
y cierra el ventilador
y hazte fuerte: la clase es trágica
- Pon ya el calor
a todo motor ...
¡Arriba el termostato!
Y ... ¡Aguanta, aguanta, aguanta!
- Estribillo
- Arrímate, abrígate y sé fuerte
... que la mañana es larga ...
Arrímate, abrígate y sé fuerte
... que la mañana es larga ...
- Estribillo

Estribillo

2. Aprendiz

Cantante da versión orixinal: Malú

Autoras da versión do insti: Eva Rodríguez e Isabel Quijada

- Tus suspensos saben tan amargos
cuando ensucias el pañuelo
con arrebatos otra vez.
Dices que me vas a echar de clase
y con el paso de los años
sigues usando el mismo papel.
- Nunca creí que te vería corregir mis
exámenes
con lo que te cuesta a ti leer.
De ti no aprendí la lección,
no me reproches que saque el "chuletón".
- Me has enseñado tú,
tú has sido mi maestro
para hacer sufrir ...
Si alguna vez copié,
lo aprendí de ti.
¡"Bendito" el Maestro!
¡Qué lista la aprendiz!

Estribillo

CONCLUSIONES

1) Dios es amor.
El amor es ciego.
Stevie Wonder es ciego.
Luego, Stevie Wonder es
Dios.

2) Toda regra tiene excepciones.
Esto es una regra.
Luego, debería tener excepciones.
Por lo tanto, ninguna regra tiene
excepciones.

3) Me dijeron que no soy nadie.
Nadie es perfecto.
Luego, yo soy perfecto.
Pero sólo Dios es perfecto.
Por tanto, yo soy Dios.
Si Stevie Wonder es Dios, ¡¡¡yo
soy Stevie Wonder!!!
Por Dios, ¡¡¡soy ciego!!!

Crítica de cine, por Víctor Domarco

Ola rapaces e rapazas amantes do bo cine. Eu son o crítico Víctor Domarco, e vouvos falar das novidades cinematográficas.

Antes de comentar as películas gustaríame falar das estrelas de cine, eses personaxes que se desmadran pedindo cartos por facer unha película, que moitas veces resulta ser unha trapallada. Eu non estou a favor de que un actor ou actriz cobre dous mil millóns de pesetas (uns doce millóns de euros aproximadamente) por facer unha película, pero, eso si, xa que os van cobrar uns merécenos máis cá outros. Por exemplo, as novas xeracións de actores que están saíndo, que se dedican a pasear a súa beleza pola pantalla, sen ter dotes de actor. Eses non merecen nin a décima parte do que cobran. Se eu fose director, a eses actores de pacotilla que van de guaperas e non teñen nin zorra de actuar, meteríalles catro patadas e quitaríalles as ganas de volver a un plató.

Tamén me gustaría falar das novas películas de terror que están saíndo. Esas películas nas que un grupo de xoves guaperas escapan dun asasino en serie. Todos eses actores son malísimos. Para o meu gusto, prefiro ver actuar ós “playmobiles” e ás “barbies” nos anuncios, mellor que a esa xente. Ademais, como esas películas triunfan en América, deciden sacar un fado de secuelas que, en vez de dar medo, provocan náuseas.



Precisamente o outro día estiven tomando un café con Spielberg e con Ridley Scott no Planet Hollywood e



comentáronme que esas películas

estropean a reputación do cine americano.

Neste artigo véxome na obrigación de falar da esperadísima primeira parte da triloxía do “Señor dos aneis”, xa que este libro conta con moitísimos


seguidores. Creo que facendo a película fan un favor a moitos vagos, xa que moita xente pensa que hai que estar tolos e ter moito vicio para ler un libro tan grande. Desta película dise que alcanzará records de taquilla. A película, que conta a loita entre o ben e o mal, pretende sacar ó telespectador do mundo que o rodea para sumerxilo de cheo noutras paixases repletas de maxia e aventura.

Tamén teño que facer mención ó cine español, que se ve que ano a ano vai mellorando e vai tendo máis éxito. Da película “Los Otros” fálase de que pode levar varios Oscars, e que un deles pode caer en Amenabar.



Oxalá sexa así, porque o ano pasado xa nos roubaron o de Bardem.

Comentario dalgunhas películas que actualmente están no cine:




Rock Star: Moi boa película que nos amosa os malos modos que pode haber na música, e que leva ó pe da letra o lema “Sexo, drogas e rock and roll”. Ten un moi bo reparto: Mark Wahlberg, Jennifer Aniston.

Calificación: * * *



Harry Potter: Uns efectos especiais impresionantes fan desta película a máis cara da historia e posiblemente unha das máis taquilleiras. O reparto deixa moito que desear.

Calificación: * *



Atlantis. O imperio perdido: Xa que estamos nas navidades, aí vai unha de debuxos. Película de aventuras que enganchará a nenos e maiores.

Calificación: * * * *



Scary Movie 2: Película na que a gargallada está asegurada. Gústame moito porque é unha paranoia das películas de terror americanas. Anque non se sabe se dá máis risa esta película cás de terror.

Calificación: * * *



O pacto dos lobos: Desastrosa película que fai que o aburrimiento se apodere do teu corpo a medida que avanza a película. É mellor que tires as 700 ptas que custa a entrada por un sumidoiro, antes que vela.

Deberían ser os do cine os que pagaran para que o público a vexa.

Calificación: ●

Obra maestra * * * * *

Moi Boa * * * *

Boa * * *

Regular * *

Mala *

Moi Mala ●

Xa que o DVD é o aparello do futuro e que, sen dúbida, substituirá ó VHS vou falar das novidades:

O regreso da momia: Moi boa película do xénero exipcio, pero, como xa dixen no anterior número, perde moito por culpa da trapallada de actor Brendan Fraser; é unha lástima.

Hannibal: Obra maestra na que o cú do telespectador manterase atado ó sillón do salón gracias á intriga que te mantén en vilo ata o final.



Shrek: Película moi divertida porque se sae do normal.

No te fallaré: Unha oportunidade para os seguidores da serie “Compañeros”, que rompeu moldes no panorama televisivo.




Torrente 2: Posiblemente a mellor película da historia.

Xa, por último, teño que dicir que o ano pasado se dixo de min que eu non vira as películas. Penso que é unha falta de respecto á miña profesionalidade, e en xeral á dos grandes críticos que ten a revista. Non olvidedes o meu consello de sempre: se non gusta estudar, gustará ver películas. Despidese o crítico Víctor Domarco.



DEPORTES POR UN TUBO



¡Ola, compañeiros! ¿Que tal os primeiros meses de curso? Espero que ben, anque, como imaxinades, eu non escribo isto para falarvos de estudos, senón para comunicarvos os resultados do pasado torneo de Nadal que se celebrou neste instituto entre o 10 e o 20 de decembro do ano 2001.

Un dos dous deportes que se practicaron foio fútbol. Neste deporte hai tres categorías masculinas e unha feminina. Na categoría feminina gañaron as de 1º LOXSE A, que xogaron a final contra 3º ESO B. Na categoría “A” masculina gañou a final 2º ESO C, que venceu por un punto a 2º ESO B. Na 2ª categoría, a “B”, quedou en 1º lugar 4º ESO C e en 2º lugar 3º ESO D, cunha diferenza de dous puntos no resultado final. Na derradeira categoría, a “C”, quedou campión 2º LOXSE E, que lle gañou a 4º Div. Curr, por 3 a 2.

Tódalas finais de fútbol disputáronse o día 20 de decembro, día no que “Mamá Noel” repartiu lambetadas ó público asistente e tamén ós equipos participantes, un premio moi doce ...

O outro deporte que tamén se practicou foi o voleibol, no que se xogaron tódolos partidos, incluída a final, o día 13. Gañou o equipo de 2º LOXSE E.

Infórmovos tamén de que nos dous trimestres que quedan tamén haberá actividades deportivas como fútbol, baloncesto, bádminton, voleibol e tamén haberá aerobio, ping-pong e xadrez.

Ben, despídome desexándovos que teñades boas notas este trimestre, pero antes tedes que estudar algo, que os sobres non caen do ceo así como así, e, entre tanto estudar, tomádesvos algún descanso e vides ver os partidos ó Pompeo.

¡Ata pronto!



ÓSCAR SCHMIDT BEZERRA, UN HOME NORMAL

Todos coñecemos a Kareem Abdul Jabbar (e quen non o coñecía, agora xa o fai); este home foi un prodixio do baloncesto. Pois ben, agora xa ten relevo, é brasileiro, naceu en 1958 (se botades contas, agora ten uns 43 anos) e chámase ÓSCAR SCHMIDT BEZERRA, anque tamén é coñecido como “*mano santa*” (agora comprenderás por que). Poderías pensar que este home é unha persoa normal e corrente, coma ti e coma min, e efectivamente éo; pero ademais diso ten outras peculiaridades.

Nos 1.515 partidos que disputou, conseguiu unha media de 30'7 puntos por partido, pero tamén na liga italiana tivo un promedio de 44 puntos por partido, ¡case nada!

Bateu o récord mundial de puntos anotados, establecido por Jabbar (46.725), e deixouno en 46.744. Algo moi corrente ...

Outra característica que o distingue algo de nós, os mortais, é que é o xogador de baloncesto que máis veces participou nos xogos olímpicos.

Ademais foi o brasileiro que máis partidos disputou coa súa selección.

Como ben merecía, recibiu a Orde Olímpica no ano 97, a cal é moi apreciada por tódolos deportistas.

Desafortunadamente Óscar anunciou a súa retirada das canchas para o fin desta temporada.

Ben, como vedes, este home é coma todos nós, que fai cotiánmente o mesmo ca nós. ¿Non si?




Beatriz Sánchez Fernández, 3º ESO B

ESCHER E O SEU MUNDO


autorretrato




Maurits Cornelius Escher foi un xenial artista holandés, nado en 1898, e creador de increíbles e máxicos debuxos. O xenial da súa obra está nos innumerables efectos ópticos, deseñados cunha brillante fantasía e imaxinación, que conseguen que quen mire os debuxos, teña que facelo unha e outra vez, descubrindo en cada unha novas e fascinantes sorpresas.



O espello máxico






Círculo de límite infinito



Cascada

A base destes efectos tan asombrosos radica no profundo estudo que realizou no campo matemático da xeometría, sen o cal houbera resultado imposible levalos a cabo.




Dragón (gravado en madeira), e os estudos previos á súa realización


Así, xoga cos corpos xeométricos, coa perspectiva, coa representación de paisaxes e mundos... e crea impresionantes ciclos e figuras imposibles. Sinxelamente, maravillosos.



Peces e escaleiras



Arriba e abaixo



Relatividade

EVOLUCIÓN DE LA ENSEÑANZA.

En enero de 1985 apareció en *Le Figaro Magazine*, en sus páginas 19 y 23, un artículo con respecto a la evolución de la enseñanza según van variando los planes. Desde entonces han aparecido en diarios y semanarios españoles traducciones referidas a los sistemas de enseñanza de nuestro propio país. Nosotros vamos a reproducir aquel artículo (traducido, claro) y proponemos al lector que intente completarlo con su opinión de la Enseñanza actual del siglo XXI:

EL PROBLEMA.- La reforma de la enseñanza está lejos de alcanzar unanimidad. Un grupo de docentes de muy alto nivel se ha inclinado a indagar una cuestión que preocupa a la mayoría de los futuros profesores: la evolución de un problema matemático. Esta comparación os podrá ayudar a centrar la cuestión:

Enseñanza 1960: Un campesino vende un saco de patatas por 1000 pts. Sus gastos de producción se elevan a los 4/5 del precio de venta. ¿Cuál es su beneficio?

Enseñanza tradicional 1970: Un campesino vende un saco de patatas por 1000 pts. Sus gastos de producción se elevan a los 4/5 del precio de venta, esto es, a 800 pts. ¿Cuál es su beneficio?

Enseñanza moderna 1970: Un campesino cambia un conjunto P de patatas por un conjunto M de monedas. El cardinal del conjunto M es igual a 1000 y cada elemento de M vale 1 pta. Dibuja 1000 puntos gordos que representen los elementos del conjunto M. El conjunto F de los gastos de producción comprende 200 puntos gordos menos que el conjunto M. Representa el conjunto F como subconjunto del conjunto M y da la respuesta a la cuestión siguiente: ¿Cuál es el cardinal del conjunto B de los beneficios? Dibujar B en color rojo.

Enseñanza renovada 1980: Un agricultor vende un saco de patatas por 1000 pts. Los gastos de producción se elevan a 800 pts y el

beneficio es de 200 pts.

Actividad: Subraya la palabra "patata" y discute sobre ella con tu compañero.

Enseñanza reformada 1990: El tío Ebaristo lavriego burgues latifundista i intermediario es un kapitalista insolidario que sanriquecio con 200 pelas al bender espekulando un costal de patata. Analiza el testo y vusca las falta de sintasi dortografía de puntuacion y deseguido di lo que tu digieres de estos avusos antidemocraticos.

Años más tarde aparecieron publicados artículos "completando" este desarrollo evolutivo de la enseñanza con referencia a los nuevos planes de estudios implantados en España; así:

Enseñanza comprensiva 1990 (LOGSE): (* Educación comprensiva es aquella que ofrece las mismas experiencias educativas a todos los alumnos. El aprendizaje ha de asegurar que los conocimientos adquiridos en el aula puedan ser utilizados en las circunstancias en que el alumno vive y en las que puede llegar a necesitarlos). Tras la entrada de España en el Mercado Común, los agricultores no pueden fijar libremente el precio de venta de las patatas. Suponiendo que quieran vender un saco de patatas por 1.000 pts., haz una encuesta para poder determinar el volumen de la demanda potencial de patatas en nuestro país y la opinión sobre la calidad de nuestras patatas en relación con las importadas de otros países, y cómo se vería afectado todo el proceso de venta si los sindicatos del campo convocan una huelga general. Completa esta actividad analizando los elementos del problema, relacionando los elementos entre sí y buscando el principio de relación de esos elementos. Finalmente, haz un cuadro de doble entrada, indicando en horizontal, arriba, los nombres de los grupos citados y, abajo, en vertical, diferentes formas de cocinar las patatas.

Documentación

EL EXAMEN MÁS FÁCIL DEL MUNDO

PREGUNTAS:

1. ¿Cuánto duró la Guerra de los Cien Años?
2. ¿Qué país fabrica los sombreros de Panamá?
3. ¿De qué animal obtenemos el catgut (fibra de tripa de gato usada en cirugía)?
